

Venres, 13 de outubro de 2017

Núm. 197

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

RECTIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A SELECCIÓN DE TRES PROPOSTAS DE ESTUDO TÉCNICO QUE SERVA DE BASE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO CONSTRUCTIVO DUNHA PONTE PARA PEÓNS E BICICLETAS SOBRE RÍO MIÑO

ANUNCIO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE RECTIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A SELECCIÓN DE TRES PROPOSTAS DE ESTUDO TÉCNICO QUE SERVA DE BASE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO CONSTRUCTIVO DUNHA PONTE PARA PEÓNS E BICICLETAS SOBRE O RÍO MIÑO.

A Presidencia, mediante Resolución Presidencial de 4 de outubro de 2017, estima parcialmente o recurso de reposición interposto polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, de data de 25 de setembro de 2017, contra a convocatoria e as Bases reguladoras do “Concurso de Ideas, con intervención de Xurado, para a selección de tres propostas de estudo técnico que serva de base para a redacción do proxecto construtivo dunha ponte para peóns e bicicletas sobre o Río Miño, entre os Parques Espazo Fortaleza en Goián-Tomiño (España) e o Castelinho en Vila Nova de Cerveira (Portugal), no marco do Proxecto 0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P, cofinanciado polo FEDER (75%) dentro da primeira convocatoria de axudas do programa operativo de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A.”.

Na mesma Resolución substitúe o apartado B) da cláusula 10.3. “Solvencia económico-financiera, técnica ou profesional” das Bases, relativo á “Solvencia técnica” esixida, concedendo un novo prazo de sesenta días naturais para a presentación das propostas, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio desta rectificación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As especificacións do concurso son as seguintes:

Entidade adxudicadora

Organismo: Deputación Provincial de Pontevedra

Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio

Obtención de documentación e información:

Dependencia: Servizo de Contratación

Enderezo: Avenida de Montero Ríos s/n

Código seguro de verificación: RJ5BFOVT628P4QXZ



Venres, 13 de outubro de 2017

Núm. 197

Localidade e código postal: Pontevedra. 36071

Teléfono: +34 986 804 100

Telefax: +34 986 804 126

Correo electrónico: contratacion@depo.es

Enderezo de Internet do perfil do contratante: <http://www.depo.es>

Número de expediente: 2017035554. No perfil do contratante figura co número 2017015427.

Obxecto do contrato

Tipo: servizo.

Descrición: O obxecto do presente concurso é seleccionar ás tres mellores propostas de estudo técnico que sirva de base para a redacción do Anteproxecto, e a eventual redacción do Proxecto Construtivo, dunha Ponte Internacional para Peóns e Bicicletas sobre o Río Miño, entre os Parques Espazo Fortaleza, en Goián-Tomiño (Pontevedra), e O Castelinho, en Vila Nova de Cerveira (Portugal), no marco do proxecto "0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P", cofinanciado polo FEDER (75%) dentro da 1ª convocatoria de axudas do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A.

Tramitación, procedemento e forma de adxudicación

Tramitación: ordinaria

Procedemento: aberto

División en lotes: non

Criterios de valoración:

Para a valoración das proposicións atenderase a unha pluralidade de criterios directamente vinculados ao obxecto do concurso:

Adecuación funcional. (20 puntos)

Valorarase a mellor adecuación das propostas aos obxectivos formulados e prestacións requiridas, nomeadamente nos seguintes aspectos:

Integración nas redes viarias e espazos públicos dunha e outra banda do río.

Condicións funcionais, de accesibilidade e de uso dos distintos modos.

Minimización das afeccións ás condicións de navegabilidade do río.

Integración ambiental. (20 puntos)

Código seguro de verificación: RJ5BFOVT628P4QXZ



Venres, 13 de outubro de 2017

Núm. 197

Valorarase:

Integración ambiental paisaxística e compatibilidade co espazo natural de ribeira

Respecto e integración cos elementos do patrimonio histórico do contorno.

Integración e valorización dos parques de O Casteliño e Espazo Fortaleza.

Minimización de afecciones aos sistemas de ribeira, e ás praias fluviais.

Viabilidade técnica e construtiva da solución proposta. (20 puntos)

Valorarase a mellor adecuación das solucións estruturais propostas ás características da ponte a realizar e ás condicións do emprazamento, así como á congruencia do procedemento de construción e a tipoloxía estrutural propostos.

Xustificación da tipoloxía estrutural proposta.

Xustificación do procedemento construtivo proposto.

Viabilidade económica da solución proposta. (15 puntos)

Valorarase:

Adecuación da proposta ás condicións económico-financeiras de partida.

Congruencia e a fiabilidade dos orzamentos estimados das obras propostas.

Calidade formal da proposta. (15 puntos)

Valorarase a orixinalidade e calidade plástica das propostas, así como a súa capacidade de constituír un novo referente na paisaxe representativo da irmandade entre os pobos das dúas beiras do río.

Calidade da documentación presentada. (10 puntos)

Valorarase:

Calidade das presentacións: atractivo, orixinalidade, facilidade de comprensión e rigor.

Coherencia da descrición e obxectivos da solución cos planos, deseños, e demais documentación presentada.

Para poder ser seleccionadas como finalistas as propostas presentadas deberán alcanzar unha valoración mínima de 55 puntos, de modo que as propostas que non alcancen dita puntuación quedarán excluídas do concurso.

Premios

Prima de participación de 9.000,00 euros (IVE excluído) para cada unha das tres mellores propostas que teñan a consideración de "finalistas".



Venres, 13 de outubro de 2017

Núm. 197

Requisitos específicos dos participantes

Clasificación: Non se esixe.

Solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional: Indícanse nas Bases.

Outros requisitos específicos: Indícanse nas Bases.

Presentación das solicitudes de participación

Data límite de presentación: 60 días naturais contando desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de rectificación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)

Modalidade de presentación: A sinalada nas Bases.

Lugar de presentación:

Dependencia: Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (sedes de Pontevedra e Vigo).

Domicilio: Avenida de Montero Ríos s/n (Pontevedra) e rúa O Porto, 3 (Vigo)

Localidade e código postal: Pontevedra, 36071 e Vigo, 36201.

Gastos de publicidade. Serán por conta dos finalistas do concurso.

Outras informacións: As especificadas nas Bases.

Pontevedra, 4 de outubro de 2017.

O Deputado delegado, O Secretario.

